Acta da sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do día 27 de novembro de 2024

[RRC/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior,** o día **27 de novembro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Julio García Comesaña
(Presidente)
José Luis Ferro Iglesias
(en substitución de Roberto Rodríguez Martínez)
(Vicepresidente en funcións)
Paloma Castro Rey
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)
Argimiro Marnotes Fernández
Paula Mouzo Mas
Paula Prado del Río
Pablo Javier Prieto Perille
María Felisa Rodríguez Carrera
Katherinie Varela Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
María Cristina Fernández Davila
Óscar Insua Lema
Iago Suárez Fernández
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Taibo Corsanego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey

Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

O presidente abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as posibles substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A señora secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Proposicións non de lei

1.1 795 (12/PNC-000073)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da redacción dun plan para mellorar dentro das sedes xudiciais a seguridade e a protección das vítimas de violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 124, do 28.11.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse autoemenda (doc. núm. 14986) e unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 14978), das que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido, concédelle a palabra á **señora Castro Rey, Paloma (S**), quen procede á formulación e defensa da iniciativa con ampliación das argumentacións expresadas por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se refire.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG),** que comeza a súa intervención amosando a súa disconformidade coa iniciativa da Mesa da Comisión de establecer cando se deben debater proposicións non de lei e cando se poden debater iniciativas de control, considera unha limitación inxustificada ao traballo dos grupos parlamentarios. Pasando seguidamente a expoñer as súas argumentacións a respecto da iniciativa e explicar os motivos da presentación da emenda.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes, intervén polo **G.P. Popular de Galicia a señora Varela Fernández, Katherinie,** quen, tras rexeitar moitas das argumentacións expostas pola señora propoñente, destaca o traballo que dende a Xunta de Galicia se está a realizar neste eido.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Castro Rey, Paloma (S),** logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario explica as razóns polas que non considera oportuna a aceptación da emenda.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.2 6394 (12/PNC-000764)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre a demanda que o Goberno Galego debe dirixir ao Goberno central co fin de que impulse determinadas medidas para apoiar o corpo da Garda Civil e reforzalo, nomeadamente no medio rural galego, para renovar e mellorar os seus cuarteis e para incrementar a cooperación entre ela e os corpos de Policía local e entre ambos os corpos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 46, do 03.07.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 124, do 28.11.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 14977), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

A continuación, a **señora Prado del Río, Paula (P)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG),** quen, tras expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, explica e defende a aceptación da emenda presentada polo seu grupo.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante a **señora Castro Rey, Paloma (S),** logo de rexeitar moitas das argumentacións expostas pola señora propoñente, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada,

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Prado del Río, Paula (P),** incide na importancia da iniciativa e argumenta as razóns polas que non acepta a emenda.

1.3 8879 (12/PNC-000899)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de persistir no impulso da formación das forzas e corpos de seguridade en materia de espectáculos e de seguridade en grandes eventos a través da Academia Galega de Seguridade Pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 68, do 21.08.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 124, do 28.11.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse

PARLAMENTO DE GALICIA

unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 14985), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Solicita a palabra o señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG), ao abeiro do artigo 76 do Regulamento do Parlamento, para unha precisión nas verbas da señora Prado del Río.

Deseguido a **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P),** explica os motivos que xustifican a presentación desta proposición non de lei ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor Insua Lema, Óscar (BNG**), quen, logo de anunciar o apoio do seu grupo a esta proposta, amosa os motivos polos que presentou esta emenda de adición, destacando que complementa o proposto na iniciativa.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, logo de facer alusión a unhas afirmacións da señora Prado del Río sobre o biogen referidas no debate da anterior iniciativa, maniféstase a prol da proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P**), agradece o apoio anunciado por ambos grupos parlamentarios e argumenta as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Solicita a palabra a **señora Prado del Río (P),** por considerar inexacta a interpretación que a señora Castro Rey fixo das súas verbas no referente ao biogen, interpretación que é matizada pola señora deputada.

1.4 13899 (12/PNC-001347)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar
Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación co recoñecemento do dereito de folga dos colectivos profesionais da avogacía e da procuradoría adscritos á quenda de oficio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112f1, do 05.11.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 124, do 28.11.2024

O **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG),** comeza a súa intervención amosando o apoio do seu grupo a Maite, en Ourense, por ser a primeira letrada suspendida por causa da folga, procedendo a continuación á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Castro**

PARLAMENTO DE GALICIA

Rey, Paloma (S), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma.

Nesta mesma rolda a **señora Varela Fernández, Katherinie (P**), logo de expoñer diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións, xustifica os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar esta iniciativa.

Na rolda de puntualizacións o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG**), tras incidir na importancia desta iniciativa, critica a intervención da voceira do G.P. Popular de Galicia e agradece o apoio do grupo da oposición.

1.5 14118 (12/PNC-001382)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 2 máis
Sobre as medidas que o Goberno galego debe desenvolver no prazo máximo dun ano co obxectivo de avanzar na normalización da lingua galega nos servizos prestados nas notarías
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115f2, do 13.11.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 124, do 28.11.2024

A Presidencia, previamente, comunica que o G.P. Popular de Galicia presentou unha emenda de substitución (doc. núm. 14988), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Taibo Corsanego, Iria (BNG)**, que procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor Ferro Iglesias, José Luis (P),** -*logo de abandonar o seu posto na Mesa da Comisión, en cumprimento do disposto no artigo 82 do Regulamento do Parlamento*- para explica o sentido da súa emenda, logo de expoñer diversas consideracións sobre a intervención da propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén a **señora Castro Rey, Paloma (S),** para deixa constancia das súas argumentacións a respecto da iniciativa co pronunciamento favorable a devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Taibo Corsanego, Iria (BNG),** expón diversas consideracións en contra da aceptación da emenda presentada polo grupo maioritario e agradece o apoio amosado pola voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

PARLAMENTO DE GALICIA

1.1 795 (12/PNC-000073), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** A señora Varela Fernández (P), solicita a votación por puntos, solicitude que non acepta a señora Castro Rey.

Xa que logo, sometida a votación a transacción acadada coa emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego resulta **rexeitada** por:

Votos a favor: 6
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.2 6394 (12/PNC-000764), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor: 9
Votos en contra: 0
Abstencións: 6

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandarlle que poña en marcha unha serie de medidas para blindar a seguridade no medio rural galego, en particular:

1º. Apoiar e recoñecer o labor que realiza a Garda Civil, comprometéndose a manter a súa presenza en todos os cuarteis de Galicia, e mesmo a estudar a posibilidade de reapertura daqueles clausurados nos últimos anos, e a dotalos de máis medios persoais e materiais, que garantan a atención presencial as 24 horas do día.

2º. Executar na súa totalidade un plan integral destinado á construción, renovación, mellora e ampliación dos acuartelamentos da Garda Civil no medio rural galego, especialmente no que respecta á execución das obras comprometidas e aínda pendentes.

3º. Crear os instrumentos e protocolos, negociados cos concellos, para que de forma práctica e efectiva se incremente a cooperación da Garda Civil cos corpos de Policía Local, e destes entre si.

4º. Reforzar de maneira urxente, con medios materiais e humanos, os postos da Garda Civil en todas aquelas zonas que carecen de Policía Local.

5. Ocupar as prazas totais que aparecen definidas no catálogo de postos de traballo das distintas provincias galegas e que están vacantes na actualidade e elaborar incentivos profesionais e económicos para que os axentes queiran ocupar os postos de baixa demanda no medio rural.»

PARLAMENTO DE GALICIA

1.3 8879 (12/PNC-000899), do **G.P. Popular de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **aprobado pola unanimidade dos 15 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a continuar impulsando a formación das forzas e corpos de seguridade en materia de espectáculos e de seguridade en grandes eventos a través da Academia Galega de Seguridade Pública.»

1.4 13899 (12/PNC-001347), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 6
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.5 14118 (12/PNC-001382), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 6
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:00 horas.

Julio García Comesaña

Firmado digitalmente por Julio García Comesaña
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Julio García Comesaña, email=julio.garcia.comesana@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.25 10:28:55 +01'00'

V.º e.º
Julio García Comesaña
Presidente da Comisión

Paloma Castro Rey

Firmado digitalmente por Paloma Castro Rey
Fecha: 2025.03.25 09:39:15 +01'00'

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión